

 SeminarioGalán.org



Antonio Fraguas Fraguas



2º de Ed. Primaria
Día das letras galegas 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

1º e 2º de Educación Primaria



Antonio Fraguas foi un gran investigador dos costumes, das tradicións e da xeografía de Galicia. Naceu, en 1905, nunha pequena aldea da provincia de Pontevedra e era fillo de Manuel e Teresa. De moi pequeno estudou na escola da aldea e máis tarde, en 1926, fixo o bacharelato en Pontevedra e despois os estudos universitarios en Santiago de Compostela.

Durante este tempo de estudante no instituto creou, xunto con outros compañeiros, a Sociedade da Lingua, para defender o noso idioma, o galego.

Deu clases na universidade e foi profesor de instituto na Estrada, Lugo e Santiago.


Como sabía tanto da historia e costumes de Galicia foi nomeado, en 1963, director do Museo do Pobo Galego e durante o seu mandato restaurouse o convento de San Domingos de Bonaval, onde está o Museo, e montáronse as salas dedicadas ao mar, aos oficios, ao campo...

Non parou de escribir libros e máis libros sobre Galicia: *Dous romances de Galicia*, *O lobo nas terras de Cotobade*, *A festa popular en Galicia*, *Galicia insólita. Tradicións galegas...* Tamén publicou os seus traballos en revistas e xornais e foi locutor de Radio Galicia.

Por toda esta vida en defensa do noso idioma e os nosos costumes, a Real Academia Galega, dedícalle o Día das Letras.




ANTONIO FRAGUAS, CANDO AÍNDA NON CUMPRIRA UN ANO, DA MAN DA SÚA NAI E DO SEU TÍO.



EN «A FESTA POPULAR EN GALICIA» ANTONIO EXPLICA A ORIXE E CELEBRACIÓN DAS NOSAS FESTAS.

3.- Sopa de preguntas. Arrodea na sopa as respostas e escribeas.



1.- En que provincia naceu Antonio Fraguas?

2.- Sobre que lugar investigaba?



3.- Como se chamaba seu pai?

4.- En que tres localidades foi profesor?

5.- Que idioma defendía Antonio Fraguas?

1.- PONTEVEDRA 2.- GALICIA 3.- MANUEL 4.- A ESTRADA LUGO SANTIAGO 5.- GALEGO

4.- Completa a caricatura de Fraguas e colorea.



5.- Recorta e completa o carné do homenaxeado.

	<input type="text"/>
	Nome <input type="text"/>
	Apelidos <input type="text"/>
	Nado en <input type="text"/>
	Fillo de <input type="text"/> e de <input type="text"/>



ANTONIO

LETRAS GALEGAS 2019

FRAGUAS FRAGUAS

PONTEVEDRA

MANUEL

TERESA

**TEXTOS ANTONIO FRAGUAS
LETRAS GALEGAS 2019**

**ACTIVIDADES
2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

CASAMENTO DA PULGA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Unha pulga e unha mosca
trataron de se casar
fixeron as bolas xuntos
e faltáballes o pan.

Saíu a formiga
do seu formigueiro.

-Se queredes pan
eu son panadeiro.

-Agora meniña
panciño xa temos
fáltanos o viño
onde o toparemos?

Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro.

-Se queredes viño
eu son arrieiro.


-Agora meniña
viniño xa temos
fáltannos manteis
onde os toparemos?

Saíu a araña
da súa arañeira.

-Se queres manteis
eu son tecedeira.

Agora meniña
manteis xa temos
fáltanos a carne
onde a toparemos?

Saíu o lobo
detrás do valado.



-Se queres carne
eu son obrigado.

-Agora meniña
carniña xa temos
fáltanos padriño
onde o toparemos?

Saíu a rata
por detrás do muíño.

-Agarraí no gato
eu serei padriño.

-Agora neniña
padriño xa temos
fáltanos madriña
onde a toparemos?

Saíu unha ra
pola auga fría.

-Mandaime recado
eu serei madriña.

-Agora meniña
madriña xa temos
faltan os danzantes
onde os toparemos?

Saíu o sapo
por moi arrogante.

-No día da voda
eu serei danzante.

Foi un casamento
moi adevtido.

Alí tivo entrada
todo bicho vivo.

ACTIVIDADES

1.- Que dous insectos querían casar?

2.- Que sete cousas precisaban a pulga e a mosca para poder casar?
Arrodea.

BICA PAN ZAPATOS TÍO CHAQUETAS VIÑO CULLERES
MANTEIS PRATOS CARNE CABALOS LAPIS PADRIÑO
AVOA MADRIÑA NAI DANZANTES PARAUGAS AUGA

3.- Onde vivía cada insecto? Une e colore a cada parella da mesma cor.

LOBO

ARAÑA

RATA

MOSQUITO

RA

FORMIGA

FORMIGUEIRO

AUGA FRÍA

MOSQUITEIRO

DETRÁS DO MUIÑO



ARAÑEIRA

NO VALADO

4.- Que pedía a rata para ser padriño do casamento?

5.- E que pedía a ra para ser madriña?

6.- Completa e pinta.



7.- Fai a invitación para o casamento da pulga e da mosca.

INVITACIÓN PARA

INVITÁMOSTE A


Cando vai ser?

A que hora?

Onde se vai facer?


Oración para animar a que se vaia:

8.- A mosca e a pulga fixeron 400 invitacións. Xa enviaron 67. Cantas lles faltan por enviar?



Solución: _____

9.- Para facer a tarta, a mosca e a pulga precisan 42 mazás, 260 amorodos e 37 peras. Cantas froitas precisan en total?



Solución: _____

10.- Completa o nome dos animais.

RATA ARAÑA RA FORMIGA SAPO PULGA GATO

								P	
A		A		A					
					O				G

O BOLO

Chamado tamén *bica*: é unha bola de fariña de millo sen fermento, de tal xeito que resulta de sabor doce; nalgúns casos engádese algún outro ingrediente, como azucre ou pasas. Á masa incorpóraselle un chisco de manteiga. O *bolo* faise na pedra do fogar, pero colocando unha lousa especial chamada *pedra do bolo*; colocado nela, cóbrese cun papel e unha capa de cinza; inmediatamente prepárase un monte de leña sobre a bola e fáiselle lume ata que coza.

O día do bolo era o domingo, e de aí o consello que dan os galos:

Cacaracá
ponte na pa,
fai un bolo,
cómeo todo,
deixa un bocado
para martes de Entroido.



ACTIVIDADES

1.- Que é unha bica?

2.- Que sabor ten a bica? Pinta a resposta verdadeira e risca as falsas.

ACEDO

SOSO

DOCE

SALGADO

AMARGO

AGRE

3.- Ordena os pasos para cocer un bolo.

CÚBRESE CUN PAPEL E UNHA CAPA DE CINZA.


ENGÁDESELLE MANTEIGA.

COLÓCASE NA PEDRA DO BOLO.

BÓTASELLE PASAS, AZUCRE...

FÁISELLE LUME ATA QUE COZA.

FAISE UNHA MASA CON FARIÑA MILLA.



1

2

3

4

5

6

4.- Que día da semana é o de facer o bolo?

5.- Completa o consello que dan os galos. Usa as palabras do recadro, pero ollo! que hai un par que non son do consello.

domingo bocado Entroido paxaro bolo martes pa

Cacaracá

ponte na ,

fai un ,

cómeo todo,

deixa un

para de .




6.- O texto explícanos como se fai un bolo. Escribe ti a receita para facer unha tortilla.

INGREDIENTES

PREPARACIÓN

7.- OS OITO ERROS

Localiza as oito diferenzas entre estas dúas imaxes e escribe un conto.



A BICA DO AVÓ


8.- Con que cinco ingredientes podemos facer un bolo? Arrodea.

AUGA	ARROZ	MANTEIGA	QUEIXO	FARIÑA
MILLO	FERMENTO	PEMENTOS	CHOURIZO	
AZUCRE	TRIGO	PASAS	ARROZ	OVOS
PARROCHAS	CEREIXAS	LARPEIRADAS	CHÍCHAROS	

9.- Bica e bolo son dúas palabras que significan o mesmo: son palabras **sinónimas**. Une as palabras que signifiquen o mesmo.

CASAMENTO	PENEDO
FÁCIL	VODA
SA	COMPLEXO
DIFÍCIL	SAUDABLE
DOENTE	SINXELO
PEDRA	ENFERMO

10.- No colexio queremos facer bicas. Se para unha bica precisamos 50 gramos de azucre e 100 gramos de pasas, cantos gramos de pasas e azucre precisaremos para facer 3 bicas?



Solución: